

ANUNCIO DE CONVOCATORIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

A Alcaldía do Concello de Melide ditou a RESOLUCIÓN con número 445/2026 que deseguido se transcribe:

“ASUNTO: CONVOCATORIA XUNTA GOBERNO LOCAL ORDINARIA MÉRCORES 15 DE XULLO DE 2026

EXPEDIENTE: 2026/G007/000028

En virtude das facultades que me outorga a lexislación aplicable,

RESOLVO:

Convocalo/a á sesión ordinaria que terá lugar no salón de sesións da casa do Concello de Melide, **ás 14:00 h. do mércores 15 de xullo de 2026.**

A partir do día de hoxe ten vostede ao seu dispor os antecedentes relacionados cos asuntos que figuran na orde do día nas dependencias municipais e na sede electrónica do Concello de Melide, no apartado “Cargos Electos”.

<https://sede.concellodemelide.gal/tramitador/ciudadano?idLogica=inicioCargosElectos&entrada=ciudadano&idEntidad=melide&fkIdioma=GL>

ORDE DO DÍA

APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR (09/07/2026)

TOMA DE COÑECEMENTO DE COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS

2. TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PARA OBRAS DE ADECUACIÓN DE LOCAL PARA ACTIVIDADE DE "OFICINA" SITA NA RONDA DE PONTEVEDRA NÚM. 1 ESQUINA COA RÚA MELIDE DI LUGANO, NA REFERENCIA CATASTRAL 0517901NH8501N1002YF

3. TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PARA OBRAS DE LIÑA SUBTERRÁNEA CUNHA CANALIZACIÓN DE 19 METROS DE LONXITUDE EN LUGAR EIREXE S/N, SEGUNDO A "RBTS LUGAR AIREXE S/N (MELIDE), CO NÚMERO DE EXPEDIENTE 618526010139

4. TOMA DE COÑECEMENTO DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA PARA OBRAS DE MELLORA DA CALIDADE DO SUMINISTRO (CONSISTENTES EN INSTALACIÓN DUN CT, NOVA LÍNEA DE MEDIA TENSIÓN SUBTERRÁNEA DE 40 METROS, 3 NOVOS PAR E UNHA LÍNEA SUBTERRÁNEA DE BT CUNHA CANALIZACIÓN DE 132 METROS) EN LUGAR O PICO, PARROQUIA DE BALTAR DE MELIDE

AUTORIZACIÓN DE FESTAS AO AIRE LIBRE E AUTORIZACIÓN DE FOGOS ARTIFICIAIS

5. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA "FESTA NA HONRA Á VIRXE DO CARME" OS DÍAS 15, 16 E 17 DE XULLO DE 2026 NO CANTÓN DE SAN ROQUE DE MELIDE.

6. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA "FESTA NA HONRA Á VIRXE DO CARME" O DÍA 18 DE XULLO DE 2026 EN LUGAR CAMPOS DE MELIDE.

7. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA "FESTA NA HONRA Á SANTA MARIÑA" OS DÍAS 18 E 19 DE XULLO DE 2026 EN LUGAR DE PEDROUZOS, MELIDE.

8. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O LANZAMENTO DE FOGOS DE RUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA "FESTA NA HONRA Á VIRXE DO CARME" OS DÍAS 15, 16 E 17 DE XULLO DE 2026 EN MELIDE.

9. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O LANZAMENTO DE FOGOS DE RUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA "FESTA NA HONRA Á VIRXE DO CARME" O DÍA 18 DE XULLO DE 2026 EN CAMPOS.

OUTROS ASUNTOS

10. SÉTIMA PRÓRROGAS DO PRAZO DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA (2025/U026/000111) PARA OBRAS DE REPARACIÓN E PINTURA DA FACHADA DO INMOBLE SITO NA RÚA PRINCIPAL NÚM. 24, NA REFERENCIA CATASTRAL 0319417NH8501N000166.

11. DETERMINACIÓN DOS DOUS DÍAS FESTIVOS LOCAIS DESTE TERMO MUNICIPAL PARA O ANO 2027.

PAGAMENTOS E FACTURAS

12. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 5 FINAL E FACTURA CORRESPONDENTE DA OBRA "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RÚA CONVENTO, MELIDE" INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS + 2023".

13. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚMERO 5 E FINAL E FACTURA CORRESPONDENTE DA OBRA "PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REFORMA E POSTA EN VALOR DA RONDA DA CORUÑA, MELIDE" INCLUÍDO NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) 1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2023.

14. PAGAMENTO DA LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE AO CANON DE XESTIÓN DAS DEPURADORAS NOS USOS URBANOS DA AUGA (EDAR DE MELIDE) 1º CUADRIMESTRE 2026

DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA

15. DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 437/2026 DO DÍA 09/07/2026 E ASUNTO "AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O LANZAMENTO DE FOGOS DE RUÍDO CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA "FESTA NA HONRA A SAN CRISTOBAL" O DÍA 11 DE XULLO DE 2026 EN MELIDE"

16. DACIÓN DE CONTAS DO DECRETO DA ALCALDÍA NÚM. 436/2026 DO 09/07/2026 E ASUNTO "AUTORIZACIÓN MUNICIPAL PARA O LANZAMENTO DE FOGOS DE RUÍDO CON MOTIVO DUNHA COMIDA POPULAR O DÍA 11 DE XULLO DE 2026 EN BALTAR"

INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA EN APLICACIÓN DO ARTIGO 53 DO ROF

17. INFORMACIÓNS DA ALCALDÍA EN APLICACIÓN DO ARTIGO 53 DO ROF

Ordeno e asino en Melide, martes 14 de xullo de 2026 Asdo: O alcalde / José Manuel Pérez Penas. Do que o secretario accidental da fe. Asdo: O secretario accidental / Joaquín Vázquez Rodríguez.”

O que se publica para os efectos oportunos.

Concello de Melide, martes 14 de xullo de 2026

O secretario accidental, Joaquín Vázquez Rodríguez